CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE MAIO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e sete de maio de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
D. Miguel A. Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (grupo municipal de VB)
D.ª Laura Gutiérrez Ortiz (Interventora municipal)

Así mesmo asiste:
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS: 25 DE MARZO, E, 9 E 19 DE ABRIL DE 2010.

2.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 206/2010, DE 7 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

3.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2010. SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN NÚM. 39 DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO "*REFORMA ALUMBRADO PÚBLICO MESOIRO"*.

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO "*REFORMA ALUMBRADO PÚBLICO O CASAL"*.

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO "*PAVIMENTACIÓN Y CANALIZACIÓN DE FLUVIALES-DEFENSA DE TALUDES, EN EL ACCESO A LA ZONA VERDE-FUENTE DE LA VIRTUD DEL POLÍGONO DE BERGONDO"*.

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO "*MEJORA DEL PAVIMENTO EN EL POLÍGONO DE BERGONDO (CONCELLO DE BERGONDO)"*.

10.- ASUNTOS URXENTES

11.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS: 25 DE MARZO, E, 9 E 19 DE ABRIL DE 2010.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 25 de marzo, 9 e 19 de abril de 2010. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas.

A Sra. voceira suplente do grupo municipal de Veciños de Bergondo, manifesta que na acta da sesión que tivo lugar o día 9 de abril, debería recollerse despois da votación da proposta, que non foi aprobada por maioría de votos en contra, polo que se engade no punto da Orde do Día da dita acta o seguinte parágrafo**:** *En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos en contra, a proposta antes transcrita*.

Non se formulan mais observacións, polo que, logo da puntualización anterior, apróbanse as actas indicadas por unanimidade dos/as asistentes.

2.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 206/2010, DE 7 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DESTE CONCELLO.

Dáse conta ós/ás asistentes do Decreto de alcaldía 258/2009, de 6 de abril, que foi ratificado pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno que transcrito literalmente di:

*"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA=**Asunto: Revisión do Padrón municipal de habitantes***

***1º)** Que a Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística (INE) remitiunos un escrito con data 31/03/10 e núm.2306 de Rexistro xeral de entrada, no que comunica, entre outros, que o concello dispón **ata o vindeiro 10 de abril** para enviarlles un oficio no que se especifique a **cifra de poboación resultante da revisión** realizada por ese concello xunto co ficheiro **C15008AI.010**, copia **do Padrón** completo **a 1 de xaneiro de 2010,** segundo o disposto no apartado IV da Resolución de 25 de outubro de 2005, da Presidenta do INE e do Director xeral de Cooperación Local, pola que se ditan instrucións técnicas ós concellos sobre a revisión anual do Padrón municipal e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.*

***2º)** Así mesmo os artigos 81, 82 e 83 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial vixente, recollen os trámites a seguir para a revisión do Padrón municipal de habitantes, esixindo no art.81 a aprobación polos concellos dos seus padróns municipais.*

Igualmente a Resolución de 25 de outubro de 2005 antes citada, publicada no BOE de data 23/11/05, refírese expresamente no apartado I ó citado art.81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.

***3º)** A funcionaria encargada da xestión do Servizo do Padrón municipal deste concello, emitiu, con data 06/04/10, un informe favorable.*

En base ó exposto,

***R E S O L V O** :*

- ***Primeiro**: Aproba-la revisión do Padrón municipal de habitantes deste concello, referida ó **1 de xaneiro de 2010**, cunha cifra de poboación de **6777 habitantes**.*
- ***Segundo**: **Remitir ó INE** un oficio no que se especifique a cifra de poboación aprobada, así como o ficheiro "**C15008AI.010**" no que se inclúe copia do Padrón completo a 1 de xaneiro de 2010.*
- ***Terceiro**: Dar conta ó Pleno para a súa ratificación, se procede.*

Bergondo, 7 de abril de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, ratifican o Decreto antes transcrito.

3.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

"Unha vez vista a relación de facturas que se integran neste expediente, incluíndo facturas do exercicio 2009 presentadas no Concello no exercicio 2010, facturas do exercicio 2010 pero que conteñen gastos do exercicio 2009 e facturas presentadas no exercicio 2009 pero cuxa a certificación de obra foi asinada e aprobada no exercicio 2010, tendo que existe neste exercicio de 2010, crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas, e que na tramitación deste

expediente se cumpren os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (art. 60 do Real-Decreto 500/90, de 20 de Abril, o art. 50 do Real-Decreto 2.568/86, de 28 de Novembro) e visto o informe da Intervención municipal de data 10 de maio de 2010, proponse a adopción do seguinte acordo:
1º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de 13.141,58 euros, das facturas relacionadas, que teñen que aprobarse a través deste procedemento excepcional, para a súa imputación ó exercicio económico de 2010, conforme ó seguinte detalle:

Terceiro	*CIF*	*Nº factura*	*Data factura*	*Data rexistro*	*Contía*	Descrición
Beatriz Máquez Villamarín	*32809336C*	*91*	*19/12/2009*	*15/01/2010*	*45,50*	*Material escolar familias servizos sociais (Informe 5 febreiro 2010)*
Beatriz Máquez Villamarín	*32809336C*	*90*	*19/12/2009*	*15/01/2010*	*74,25*	*Material escolar familias servizos sociais (Informe 5 febreiro 2010)*
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	*A15352735*	*090241*	*30/12/2009*	*19/01/2010*	*971,09*	*Material subministrado Decembro 2009*
Aracnosoft, S.L.	*B15677008*	*872/09*	*25/08/2009*	*20/01/2010*	*188,81*	*Servizos técnicos*
Ambitega, S.L.	*B70083654*	*9000385*	*09/11/2009*	*21/01/2010*	*1.242,77*	*Subministración produtos limpeza*
Ambitega, S.L.	*B70083654*	*9000384*	*09/11/2009*	*21/01/2010*	*615,44*	*Subministración produtos limpeza*
Panadería Guísamo S.L.	*B70080130*	*117*	*30/09/2009*	*01/02/2010*	*330,00*	*Empanadas*
Ambitega, S.L.	*B70083654*	*9000282*	*03/09/2009*	*12/03/2010*	*510,84*	*Subministración produtos limpeza*
Comercial Grupo Anaya, S.A.	*A79408720*	*09IF384337*	*17/10/2009*	*22/04/2010*	*18,51*	*Libro axudas xenéricas*
José Ramón Rioboo Castro	*34893864N*	*128/56*	*01/10/2009*	*22/04/2010*	*928,00*	*Anuncio outono cultural*
Almacenes Casan, S.A.	*A15027865*	*TI0005258*	*31/12/2009*	*11/05/2010*	*39,91*	*Alimentos para programa de apertura de centros*
Arumia, S.L.	*B15656580*	*10/020*	*08/01/2010*	*15/01/2010*	*287,53*	*Desratización mes de decembro 2009*
Servicios de mantenimiento 2010, SLU	*B91842666*	*20 2*	*01/01/2010*	*22/01/2010*	*415,86*	*Mantemento ascensor novembro e decembro 2009*
Edelmiro López López	*76276104P*	*0011*	*15/01/2010*	*25/01/2010*	*754,01*	*Reparación 2009*
Edelmiro López López	*76276104P*	*0010*	*15/01/2010*	*25/01/2010*	*622,95*	*Reparación 2009*
Edelmiro López López	*76276104P*	*0012*	*15/01/2010*	*25/01/2010*	*556,99*	*Reparación 2009*
Edelmiro López López	*76276104P*	*0009*	*15/01/2010*	*25/01/2010*	*555,37*	*Reparación 2009*
Torneiro Maquicoruña S.A.	*A15943863*	*AM 16269*	*15/01/2010*	*25/01/2010*	*431,59*	*Aluguer rodillo 2009*
Trisón Acústica S.L.	*B15692494*	*0039*	*26/01/2010*	*04/02/2010*	*81,20*	*Revisión sistema audio mes de novembro 2009*
Luidana S.L.	*B15494099*	*30/2010*	*15/03/2010*	*16/03/2010*	*52,60*	*Voluntarios protección civil 16/06/2009*
Luidana S.L.	*B15494099*	*29/2010*	*15/03/2010*	*16/03/2010*	*78,00*	*Voluntarios protección civil 19/10/2009*

Aquagest, promoción técnica y financiera de abastecimientos de agua, S.A.	*A28220606*	*211900900 000296*	*24/07/2009*	*07/10/2009*	*3.789,58*	*Ampliación de rede sobre da Igrexa (Certificación de obra 05/02/2010)*
Aquagest, promoción técnica y financiera de abastecimientos de agua, S.A.	*A28220606*	*211900900 000429*	*26/10/2009*	*12/11/2009*	*550,78*	*Canalización pluviais Mariñán (Certificación de obra 05/02/2010)*
				TOTAL	*13.141,58*	

2º) Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo ás partidas orzamentarias que constan no informe de intervención que consta no expediente, por existir crédito dispoñible non comprometido.
3º) Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere. O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.=Bergondo, 12 de maio de 2010=A Alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di. son as facturas que quedan do ano anterior e se presentan fora de data, e, polo tanto, para que se poidan abonar teñen que vir ó Pleno, para que se pronuncie sobre este recoñecemento extraxudicial de crédito.
A Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle di: o noso voto é a favor, non pode estar esta xente sen cobrar, e sobre todo cando son facturas de agosto e setembro que deberían estar xa pagadas.
Sra. alcaldesa: matizar que son de agosto e setembro, pero presentáronse agora polos provedores.

Toma a palabra Sra. voceira suplente de VB, Loreto Caseiras Arroyo e di: nós cremos que se debería de facer ,apercibir si acaso, no momento da contratación, ou da fase que proceda, que as facturas teñen que presentarse no exercicio.
Sra. alcaldesa: xa se fai.
Sra. voceira suplente de VB: ¿por escrito?
Sra. alcaldesa: si, se lles insiste incluso de palabra, de feito a maioría son empresas que traballan habitualmente co concello. Os que facturan ó 31 de decembro, na práctica é imposible que presenten a factura no concello en tempo.
Sra. voceira suplente de VB: pódese limitar a un trimestre, pódese poñer un prazo e incorporar unha cláusula no contrato, ou no Prego de condición que debe ser presentada a factura antes de determinada data.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2010. SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

"Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2010, no que se inclúe ***un suplemento de crédito,*** *por un importe de 448.676,56 euros e un crédito extraordinario por importe de 21.200,00 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó Capítulo II correspondente a gastos de Bens correntes e de Servizos, ó Capítulo IV correspondente a Transferencias correntes, ó Capítulo VI correspondente a gastos de inversión, e ó Capítulo VII correspondente a transferencias de capital, e xustificada a urxencia das citadas modificacións na Memoria da Alcaldía de data 10 de maio de 2010 que consta no presente expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 12 de maio de 2010, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por partidas orzamentarias xunto coa súa financiación.*

En consecuencia, proponse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás partidas que se detallan a continuación e polo importe reflectido, así como a creación das partidas cuxa consignación antes da modificación era 0,00:*

Capítulo II: Gastos en Bens Correntes e de Servizos.

Partida orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
233/227.12	*Asistencia a persoas dependentes*	*150.000,00*	*70.000,00*	*220.000,00*
	CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO	*150.000,00*	*70.000,00*	*220.000,00*

Capítulo IV: Transferencias Correntes

Partida orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
230/480.00	*Transferencias correntes institucións sen fin de lucro*	*35.500,00*	*1.400,00*	*36.900,00*
320/480.00	*Transf. correntes (APA)*	*17.000,00*	*32.000,00*	*49.000,00*
491/482.00	*Transferencias correntes ó fomento de emprego*	*0,00*	*1.200,00*	*1.200,00*
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	*52.500,00*	*34.600,00*	*87.100,00*

Capítulo VI: Inversións reais:

Partida orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
161/619.00	*Plan de saneamento municipal*	*1.048.009,66*	*113.086,10*	*1.161.095,76*
165/619.00	*Alumeado público*	*75.000,00*	*76.185,30*	*151.185,30*
171/619.00	*Prazas, parques, xardíns*	*375.830,00*	*55.000,00*	*430.830,00*
450/619.00	*Plan municipal de pequenas infraestruturas*	*175.000,00*	*101.005,16*	*276.005,16*
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	*1.673.839,66*	*345.276,56*	*2.019.116,22*

Capítulo VII: Transferencias de capital

Partida orzamentaria	***Concepto orzamentario.***	***Consignación antes da modificación***	***Incremento***	***Consignación Definitiva***
241/782.00	*Transferencias de capital a familias*	*0,00*	*20.000,00*	*20.000,00*
	CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO	*0,00*	*20.000,00*	*20.000,00*

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 448.676,56 euros
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 21.200,00 euros
TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: 469.876,56 euros

O financiamento desta modificación de crédito proposta realizarase con cargo a:

a) Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:

Remanente líquido de Tesourería a esta data: 1.755.674,41 euros
Cantidade que se precisa utilizar neste expediente: 469.876,56 euros
Diferenza, cantidade de Remanente sobrante: 1.285.797,85 euros

Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2010 queda como segue:

Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto

Capítulo	***Consignación antes da modificación***	***Aumento***	***Disminuc.***	***Consignación definitiva***
1.- Gastos de persoal	*2.031.087,57*	*0,00*	*0,00*	*2.031.087,57*
2.- Gastos bens correntes e servizos	*2.501.547,06*	*70.000,00*	*0,00*	*2.571.547,06*
3.- Gastos financeiros	*30.000,00*	*0,00*	*0,00*	*30.000,00*
4.- Transferencias correntes	*199.900,00*	*34.600,00*	*0,00*	*234.500,00*
6.- Inversións reais	*3.463.395,57*	*345.276,56*	*0,00*	*3.808.672,13*
7.- Transferencias de capital	*0,00*	*20.000,00*	*0,00*	*20.000,00*
8.- Activos financeiros	*22.000,00*	*0,00*	*0,00*	*22.000,00*
9.- Pasivos financeiros	*40.000,00*	*0,00*	*0,00*	*40.000,00*
TOTAIS	*8.287.930,20*	*469.876,56*	*0,00*	*8.757.806,76*

SEGUNDO: *Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó público durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

TERCEIRO: *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

CUARTO: *Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.

Bergondo, 12 de maio de 2010=A Alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: un setenta e tres por cento deste suplemento é para inversións no concello, no seu momento se explicaba o porqué destas inversións e porque non estaban recollidas no Orzamento. Soamente hai setenta mil euros de gasto corrente que están para dependentes; hai un maior número de demandantes do que estaba previsto.

Nas transferencias de capital, no seu momento diciamos que este concello, ó fío do seguinte punto que é a modificación da base de execución, tanto a subvención para a viaxe a Estados Unidos dos alumnos do Cruz do Sar que estaba previsto acudir a unha subvención da Xunta de Galicia que finalmente non se convocou, e as axudas ás familias que quedaran en *sombra*, co motivo do cambio analóxico a dixital, pensamos que por parte do concello debemos facer ese esforzo.

Despois son, basicamente, partidas que reforzan tanto os pavimentos como os saneamentos, que están tamén xustificadas na aprobación de proxectos que van nos puntos seguintes, son dúas reformas de iluminación públicas en Mesoiro e no Casal, en Ouces. Este ano non se nos concedeu a subvención do Inega, pero si contamos coa posibilidade de poder asinar un convenio coa Deputación, para a reforma de algúns dos proxectos de iluminación do concello.

Hai dous proxectos para os que tamén se solicitou subvención, que son pavimentos e canalización de pluviais no Polígono, solicitouse a subvención de Parques Empresariais; non é unha subvención que se viña convocando todos os anos por parte da Consellería pero este ano volveuse a repetir, e contamos que se non son os dous proxectos, polo menos un se subvencione, co cal estamos incorporando crédito para facer fronte á parte que nos toque; e algo que non se coñecía cando se fixo o Orzamento.

A continuación toma a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle di: dende o Partido Popular queremos manifestar que este suplemento de crédito parécenos, por un lado, síntoma dunha mala xestión, e por outro de incumprimento da súa palabra, porque quero recordarlle que en decembro cando aprobamos os presupostos para o exercicio 2010 díxonos que xa ían suficientemente infladas as partidas para evitar ese suplemento de crédito do ano pasado, que roldaba o millón de euros, e non pasaron mais de cinco meses e xa nos encontramos con catrocentos sesenta e nove mil euros, e dicir, que xa non lle chega o diñeiro.
Por un lado si que estamos de acordo con algúns proxectos, como pode ser a iluminación pública, a pavimentación, ou a axuda a dependentes. Pero por outro lado hai partidas que non compartimos, como pode ser a consignación definitiva de corenta e nove mil euros de transferencia corrente ó APA, para a axuda da viaxe a Estados Unidos, do que se beneficiarían uns catorce nenos, nestes tempos parécenos excesivo. Con isto non queremos dicir que estamos en contra de axudar á APA nin deste tipo de actividades, pero si nos parece excesivo nestes momentos. Comentábanos que son catorce nenos e que cada familia aportaba arredor de mil euros, hoxe poucas familias poden dar eses cartos ós nenos para que vaian de viaxe, polo tanto é unha viaxe para un sector moi determinado e que nos esta custando corenta e nove mil euros ó concello.
No referente ó canal dixital terrestre, comentábanos na Comisión Informativa que se beneficiarían arredor de setenta persoas, gustaríanos saber como se van outorgar esas axudas, se se vai ter en conta as rendas, se vai ser unha cantidade fixa, ¿como se vai facer?.
A nosa postura vai ser a abstención.
Sra. alcaldesa: xa o outro día, tamén na Comisión Informativa, respecto ó Orzamento, eu dixen que sobrepasaban o importe do gasto corrente con respecto ó ano pasado, porque no seu momento foi o que se criticou, o aumento dese gasto con respecto ó ano pasado, e, insisto, este é un suplemento basicamente para inversións, para poder aportar a parte que nos toque na posible concesión de subvencións por parte doutros organismos. Se nos mes de maio fixeramos un suplemento para gasto corrente si sería un exemplo de mala xestión.
Tamén lles recordo que vostedes mesmo teñen manifestado que tendo remanente o concello, porque non se teñen feito mais inversións, efectivamente o concello non está para aforrar, pero nos tempos que estamos está ben ter parte dese aforro, pero non estamos dilapidando os cartos, estamos a facer inversións que son necesarias.
Non están de acordo con ese tipo de viaxe, pois ben, ó mellor isto hai que replantealo cara anos seguintes, xa que quizás sexan as propias familiar as que non acaban asistindo a este viaxes, sería como calquera actividade cultural, deportiva ou social, é dicir, se non hai un número determinado de interesados non se poderá facer esa actividade; a cantidade son trinta e dous mil euros para a viaxe, corenta e nove é a consignación definitiva do convenio que se ten coa APA para as actividades anuais.
Con respecto á convocatoria da subvención da TDT, está aínda sen rematar porque mentres non houbera unha partida orzamentaria non se podían convocar; o mais probable e que sexa unha axuda lineal, o feito de ter a vivenda e estar empadroado en Bergondo, porque este é un dereito universal ó que temos todos acceso, independentemente das rendas.

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseira Arroyo, e di: respecto a unha das primeiras partidas, gastos bens correntes e servizos, este incremento para asistencia a persoas dependentes, ¿con este incremento cubrimos toda a demanda, ou queda algunha familia fora?.
Sra. alcaldesa: non quedaría, cubriríase toda a demanda, porque ademais o Plan Concertado aumentou en trinta mil euros mais a axuda que se estaba concedendo, entón, entre este suplemento e a xeración de crédito que fará no seu momento Intervención, dará para cubrir esas familias que están en lista de espera
Sra. voceira suplente: respecto ó tema das transferencias correntes á APA, é o que vostede dicía fai un momento, neste ano xa está previsto e programado e en marcha; hai que replantealo, ver se é unha opción

que ten que continuar no tempo. Ata onde eu coñezo parece ser que é unha viaxe de fin de curso, non hai outra viaxe alternativa, e non deixa de limitar, en certo modo, por esa incorporación económica, o acceso a quen quizás si iria de viaxe se falaramos dunha achega de douscentos ou trescentos euros. Tamén nos chama a atención que o feito de que dende fai dous anos esta viaxe estivese cuberta por unha subvención, vía Deputación ou vía Xunta; entendo que cando estes organismos pechan esas vías, abren outras ás que poderiamos acollernos.

Sra. alcaldesa: non, porque no seu momento coa Deputación non foi unha subvención, foi un convenio que se asinou específico para iso. O ano pasado o convenio que se fixo coa Deputación foi para mellora de instalacións e a cuberta do patio do colexio que agora mesmo está en tramites de contratación, é dicir, con convenios específicos non liñas de subvencións. Nada impediría que houberamos feito outra vez un convenio coa Deputación, pero fixemos o de douscentos mil euros que é bastante mais vantaxoso, que facelo por trinta mil para a viaxe.

Sra. voceira suplente: entón , escolleuse entre unha alternativa e a outra.

Sra. alcaldesa: son propostas, este ano propoñeremos a reforma do alumeado de toda a zona de Carrio.

Sra. voceira suplente ¿e a Xunta de Galicia non ten ningunha liña?

Sra. alcaldesa: habíaa, era exactamente o tipo de viaxe que se estaba a facer, a única condición era que tiña que ser un programa escolar aprobado en Consello Escolar, organizado directamente polo colexio, por iso esperouse ata ultima hora para facer estes suplementos, porque podería ser unha transferencia ó colexio, ou á APA. O sexa, o feito de que sexa a APA é igual, isto é algo que se fai a tres bandas. O final esa subvención da Xunta non saíu porque decidiuse que esas cantidades as incorporarían ás axudas individuais de estudos no estranxeiro.

Sra. voceira suplente: en todo caso este ano é así, pero se non se revisa non contará co noso apoio.

No seguinte apartado de transferencias correntes ó fomento de emprego, son mil dous centos euros que se consignan para un apoio a un empresario que vai abrir en Guísamo un supermercado, temo que esta liña de axuda non sexa todo o pública que debería, no senso de que calquera veciño de Bergondo a coñeza, porque imaxino que haberá mais dun veciño que teña en mente crear un negocio. En todo caso, sen prexuízo de que estea ben concedida esta axuda, xa que hai un informe o que tivemos acceso, si sería bo que dalgún xeito houbera publicidade destas liñas; é dicir, hai unhas axudas que o concello concede, logo dos informes preceptivos, que ademais abren a porta a outras axudas, polo que nos explicaba o outro día, da Xunta de Galicia.

Sra. alcaldesa: que realmente son as que lles importan, en realidade non é unha axuda, en realidade van dúas, precisamente solo temos unha solicitude que vai ser de seiscentos euros, e á hora de facer este suplemento poderiamos facer solo esa cantidade, pero se non é vía subvención nominativa a través das transferencias correntes, non podemos facer fronte, entón, agora mesmo esta aberta a posibilidade a que outra empresa que queira ser considerado como ILE poida optar á axuda do concello. Calquera empresario coñece as liñas de axuda, porque cando ven falar co técnico de emprego lles explica os tipos de axuda que pode ter polos diferentes organismos, o que pasa que cada un ten que cumprir uns determinados requisitos, neste caso o cumpren e deciden pedir o apoio do concello para ser considerados como ILE's.

Sra. voceira suplente: no tema da iluminación pública, non entramos no Plan do Inega deste ano.

Sra. alcaldesa: si entramos, pero non fomos beneficiados.

Sra. voceira suplente: ¿por que?

Sra. alcaldesa: por non obter a puntuación, cando salga a concesión de subvencións sairán os concellos ós que se lles concedeu.

Sra. voceira suplente: pois perdemos unha liña importante de subvención.

Sra. alcaldesa: estaba case garantido que ía ser porque o proxecto estaba perfectamente presentado, tamén temos a auditoría feita como era obrigatorio.

Sra. voceira suplente: en todo caso, o voto de Veciños de Bergondo vai ser abstención.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, e di: nós imos a absternos tamén, xa falaron os compañeiros voceiros dos temas. A asistencia a persoas dependentes, evidentemente, cremos que si hai que adaptala ás circunstancias. Respecto á viaxe da APA, este ano posto que xa esta organizado debese seguir con el, pero si que hai que replantealo; non se cumpre con ningún dos obxectivos que se pretende, polo menos en parte, o obxectivo de practicar inglés o ir en grupo non se cumpre, e a actividade educativa e cultural, hai outras viaxes a outros países mais cercanos e mais baratos que cumpren mellor eses obxectivos.
Por outra parte, falase da iluminación pública, das prazas, etc. Hai unha liña de subvencións aberta pola Consellería de Industria para a TDT, para suplir esas deficiencias; ó final o que quixera remarcar é que o presuposto de gastos para este ano era de cinco millóns setecentos vinte mil euros, e, con anteriores modificacións e con esta estamos en oito millóns setecentos cincuenta mil, o cal quere dicir que levamos modificado o presuposto en mais do cincuenta por cento, e o cal quere dicir que cando se fai o Orzamento, deixamos moitas cousas no tinteiro. Unha modificación a mediados de ano, do cincuenta por cento é excesivo.
Sra. alcaldesa: discrepo totalmente, non é ese tipo de modificación. O feito de que actualmente poidamos ter esa consignación de oito millóns setecentos mil euros, é polas incorporacións do Fondo Estatal, non estamos a facer unha modificación do cincuenta por cento; é dicir, ó Orzamento inicial se lle vai incorporando todas as axudas que se van tendo.
Sr. voceiro: xa se sabía esa axuda cando se fixo o Orzamento.
Sra. alcaldesa: pero sabía vostede perfectamente que non se podía ter en conta o Fondo Estatal, era unha das condicións, non podía estar contemplado no Orzamento. Estamos en oito millóns porque o Estado deu unha subvención e se incorporou, como se tiña que facer, por parte da Intervención.
Sr. voceiro: de cinco millóns setecentos a oito millóns setecentos non van oitocentos mil euros.
Sra. alcaldesa: foron todo incorporacións, hoxe estamos facendo o primeiro suplemento que se fai no concello, catrocentos sesenta e nove mil euros.

A continuación procedese á **votación** da proposta da Alcaldía , que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: unha (1) abstención; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstenciónsr.
Total: seis (6) votos a favor e seis (6) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

5.- MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN NÚM. 39 DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"Unha vez visto o informe do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, e tal e como queda de manifesto na proposta presentada por esta Alcaldía e que consta no expediente, con respecto á concesión de subvención nominativa ás Iniciativas Locais de Emprego no Concello de Bergondo, que ten como obxectivo

potenciar o emprego, os negocios innovadores e á diversificación da actividade empresarial no Concello, tendo xa neste momento unha solicitude de colaboración.
Por outro lado, destacar a importancia da cooperación internacional que se ven potenciando desde os Servizos Sociais municipais, tendo petición de colaboración por parte dalgúns veciños e por parte da Asociación de solidariedade galega co pobo saharauí, e de facer un intento de impulsar e favorecer os vínculos sociais, concienciando ós nosos veciños da importancia desta labor, vese adecuado e de interese público que desde o Concello se faga unha aportación á viaxe destes nenos ó noso territorio.
Xa por último, e tal e como se xustifica na propia proposta desta Alcaldía a necesidade de conceder unha subvención á APA do CPI Cruz do Sar, para que poidan organizar a viaxe a Estados Unidos dos nenos de cuarto da ESO, viaxe que desde hai dous anos se organizaba desde o Concello e que dado que agora se vai realizar desde o Colexio, facer posible a mesma, potenciando a cultura e a educación, uns dos pilares básicos dos nosos nenos.
En base ó anteriormente exposto e a documentación que obra no expediente, teño a ben PROPOÑER ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:
***Primeiro:** Modificar a Base de Execución nº 39, apartado 5º, do vixente orzamento municipal, quedando definitivamente redactada nos seguintes termos:*
*"Serán **subvencións nominativas,** que pola súa natureza non son obxecto de concorrencia, as que se relacionan a continuación e co seguinte desglose:*

Aplicación orzamentaria	***Beneficiario***	***Contía***
320/480.00	*A.P.A. "As Mariñas"*	*49.000,00 €*
230/480.00	*Cruz Vermella Española*	*3.000,00 €*
230/480.00	*Asociación solidariedade galega co pobo saharauí*	*1.400,00 €*
340/482.00	*Club Atletismo "As Mariñas"*	*300,00 €*
230/480.00	*APEM*	*30.000,00 €*
230/480.00	*ASPACE*	*2.500,00 €*
491/482.00	*Iniciativas Locais de Emprego*	*1.200,00 €*
331/482.00	*I.E.S. "As Mariñas"*	*300,00 €*
331/482.00	*Asociación empresarios de Bergondo (ASEB)*	*20.500,00 €*
340/482.00	*Lubre C.F.*	*3.500,00 €*
340/482.00	*Sporting Bergondo F.C.*	*3.500,00 €*

***Segundo:** Que se expoña ó público o presente acordo polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
***Terceiro:** Que no suposto de que non se presentasen reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite para a súa publicación.*
O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 14 de maio de 2010=A alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: é o que falamos anteriormente, para que se poidan facer efectivas estas subvencións se terá que modificar a base de execución que leva as subvencións nominativas.
Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle: a partida 230/480 APEM, ¿a que se corresponde esa asociación?.
Sra. alaldesa: esta asociación xa estaba con anterioridade, é a brigada de rapaces que se encarga da limpeza viaria, baleirade de papeleiras, etc. do concello.

Sra. voceira do PP: ¿cal é o baremo?, que factores se teñen en conta para outorgar estas subvencións nominativas, e as cantidades.
Sra. alcaldesa: para establecer unha contía poñémonos de acordo coa entidade que solicita esa subvención nominativa, sempre se pide unha memoria, unha xustificación de calquera das actividades realizadas.
Sra. voceira do PP: pero falamos dun oitenta por cento, un vinte por cento.
Sra. alcaldesa: e que depende moito, un exemplo, o club deportivo As Mariñas, dáselle unha axuda case simbólica porque non ten aquí a súa razón social pero fai unha actividade atlética que pasa polo concello de Bergondo e tamén participa xente de aquí. O IES As Mariñas, porque realizan unha semana cultural a finais de ano e é un instituto no que hai rapaces de Bergondo.
Depende moito da a actividade que realicen, non hai un criterio definido.
Sra. voceira do PP: é dicir, teñen unha puntuación segundo a actividade que desenvolvan.
Sra. alcaldesa: neste caso non, ese é o criterio que se segue na concorrencia pública ás subvencións sen ánimo de lucro, que por certo aprobamos hoxe na Xunta de Goberno Local, aí si hai uns baremos establecidos. Estas son unhas cantidades fixas sempre que se xustifiquen.
Sra. voceira do PP: a nosa votación vai se abstención por coherencia co punto anterior.

Toma a palabra a Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseira Arroyo, e di: entendo que estas subvencións son revisables cada ano.
Sra. alcaldesa: si, asínanse convenios cada ano.
Sra. voceira suplente: con cada un dos beneficiarios.
Sra. alcaldesa: si, nalgún caso pode ser que non porque a cantidade a mesma.
Sra. voceira suplente: a Asociación de Empresarios de Bergondo, sen prexuízo do toda a labor que realicen, vostede dixo na Comisión Informativa que estes vinte mil cincocentos euros se lles entregaban para facer fronte ós gastos da feira de Incoart.
Sra. alcaldesa: si, para parte dos gastos.
Sra. voceira suplente: creo que hai liñas de subvencións a través da Xunta, Deputación, ás que pode acceder esta Asociación, constituída legalmente. Entendo que esta subvención debería ser revisada, está moi ben como evento de algún xeito organiza o concello, pero as outras entidades tamén a patrocinan e polo tanto que contribúan ó seu financiamento.
Sra. alcaldesa: é certo; aínda así é insuficiente, de feito como Asociación acoden a outro tipo de axudas.
Sra. voceira suplente: volvemos ó tema da subvención da viaxe; hai que revisar os gastos que temos. Esta cantidade é fixa, ¿cada ano son vinte mil cincocentos?.
Sra. alcaldesa: é fixa durante uns anos; este ano a Asociación pediu que se aumentara e seguimos coa mesma cantidade, xa que este non era o ano para incrementar este convenio.
Sra. voceira suplente: en todas partes están reducindo gastos.
Sra. alcaldesa: pois precisamente por iso.
Sra. voceira suplente: temos unha ampla lista de asociacións veciñais que desenvolven tamén moitas actividades, e se lle dan unhas cantidades que non pasan de mil euros. Por iso pensamos que debería revisar esa cantidade, porque esas asociacións non teñen outras vías de apoio aparte do concello e a Deputación.
O noso voto vai ser abstención.
Sra. alcaldesa: en base a esa austeridade non se incrementaron as partidas este ano. Con respecto á outra liña de subvencións as entidades culturais e deportivas, vai sempre en función das actividades realizadas; hai uns criterios definidos nunha convocatoria que se seguen escrupulosamente, soamente é cuestión de que se lean; número de participantes, anos que leva facendo a actividade, etc. os criterios son públicos; e algo importante, a xustificación, incluso as cantidades son minoradas porque no momento da xustificación non se fai, ou se fai mal.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, e di: nós tamén nos abstemos, en consonancia co punto anterior.

A continuación procedese á **votación** da proposta da Alcaldía , que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: unha (1) abstención; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dúas (2) abstencións.
Total: seis (6) votos a favor e seis (6) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO *"REFORMA ALUMBRADO PÚBLICO MESOIRO".*

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
*"Este concello pretende realizar as obras para a "**Reforma alumbrado público Mesoiro",** polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 14 de maio de 2010.*
En base ó exposto, proponse ó Pleno que, unha vez examinada a documentación que consta no expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro**.- Aproba-lo proxecto nomeado "**Reforma alumbrado público Mesoiro",** cun importe sen IVE de 26.130,10 euros, IVE de 4.180,82 euros, que supón un total de **30.310,92 euros**, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Antonio Sabín Vázquez, colexiado núm. 2233.*
***Segundo**.- Declarar expresamente que o concello comprométese a realizar tódolos trámites necesarios para ter a plena dispoñibilidade dos terreos.*
***Terceiro**.- Comunica-lo presente acordo ós servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*
***Cuarto.-** Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
Bergondo, 14 de maio de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez".

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: lles comentaba na Comisión Informativa que, tanto o alumeado público de Mesoiro como o do Casal, son instalacións moi antigas. Con estes proxectos cámbianse os tipos de luminarias e a partir das doce da noite baixan o consumo ata un vinte por cento menos grazas a un redutor de fluxo que tamén se instala e tampouco haberá esas caídas de tensión. E certo que é unha inversión, e como tal o gasto se fai agora, poderase amortizar con ese aforro aproximadamente en cinco anos.
Estes proxectos debería acometelos o concello para seguir na liña de aforro enerxético que marca a Deputación, a Xunta, etc.
A Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseira Arroyo, pregunta: ¿que parte deste gasto prevé que vaia ser subvencionado?.
Sra. alcaldesa: precisamente se fixo o suplemento de crédito para facelos con fondos propios; a subvención do Inega, non nos foi concedida, que conste que non ían estes dous proxectos en particular pero agora

mesmo son os dous proxectos que urxe mais contratar e acometer; Agora mesmo non hai ningunha liña de subvencións mais. Mais adiante esta previsto facer algún proxecto mais amplo na zona de Carrio.
Sra. voceira suplente: tamén con recursos propios.
Sra. alcaldesa: non, cunha subvención da Deputación.
Sra. voceira suplente: e non poderiamos incorpora estes.
Sra. alcaldesa: si metemos estes deixamos outras zonas; temos que facer moitos e algúns teñen que ser con fondos propios.
Sra. voceira suplente: ¿temos algún prazo para adaptar todo o sistema de iluminación?
Sra. alcaldesa: non, polo de agora non hai ningún organismo que nos obrigue, pero son recomendacións.
Sra. voceira suplente: en todo caso este grupo lle pedira, si acaso por escrito, que nos informe de cando chegue o resultado da puntuación, porque non entrou o concello nese programa de Inega.
Sra. alcaldesa: si, de todos modos pedimos as explicacións de porque non se nós deu.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO *"REFORMA ALUMBRADO PÚBLICO O CASAL".*

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"*Este concello pretende realizar as obras para a "Reforma alumbrado público O Casal", polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 14 de maio de 2010.*
En base ó exposto, proponse ó Pleno que, unha vez examinada a documentación que consta no expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro**.- Aproba-lo proxecto nomeado "Reforma alumbrado público O Casal", cun importe sen IVE de 38.259,11 euros, IVE de 6.121,46 euros, que supón un total de 44.380,56 euros, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Antonio Sabín Vázquez, colexiado núm. 2233.*
***Segundo**.- Declarar expresamente que o concello comprométese a realizar tódolos trámites necesarios para ter a plena dispoñibilidade dos terreos.*
***Terceiro**.- Comunica-lo presente acordo ós servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*
***Cuarto**.- Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
Bergondo, 14 de maio de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO *"PAVIMENTACIÓN Y CANALIZACIÓN DE FLUVIALES-DEFENSA DE TALUDES, EN EL ACCESO A LA ZONA VERDE-FUENTE DE LA VIRTUD DEL POLÍGONO DE BERGONDO".*

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"Este concello ten previsto realizar unhas melloras de pavimentación no polígono industrial, polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto, e requiriuse ós Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 13/05/10 e que consta no expediente.
Así mesmo, de acordo coa Orde do 9 de abril de 2010 da Consellería de Economía e Industria, publicada no DOGA núm. 72 do 19 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, este concello tramitou a solicitude correspondente co fin de que por ese Organismo nos concedan unha subvención para realiza-la obra nomeada no "Asunto".
En consecuencia co anterior proponse ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro** - Aproba lo proxecto nomeado "Pavimentación e canalización de pluviais – defensa de taludes no acceso á zona verde – fonte da Virtude do polígono de Bergondo", cun importe de 78.039,07 €, e IVE de 12.486,25 €, redactado por don Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños e colexiado co núm.4657.*
***Segundo** – Declarar que non é necesaria ningunha autorización administrativa para realizar a obra, de acordo co informe e coa adenda, de datas 13/05/10 e 20/05/10 respectivamente, asinados polo arquitecto técnico municipal, Juan Carlos Gómez Pérez*
***Terceiro** - Comunica-lo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*
***Cuarto** - Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 20 de maio de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: como se di na proposta, se solicitou para este e para o do seguinte punto da Orde de Día, a subvención de Parques Empresariais; en base a iso decídese traer o proxecto para a súa aprobación, así cando veña a subvención poder iniciar a tramitación do expediente de contratación. O feito de non saber que parte vai financiar a Xunta, é o motivo polo que se meteu no Suplemento de Crédito o importe total dos proxectos. Por iso haberá unha parte dese Suplemento que non haberá que utilizar especificamente para estes proxectos.

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, e di: nós opoñémonos a esta aprobación porque pensamos que aínda que a obra de recollida ou control de pluviais é necesaria, pensamos que este proxecto non vai solucionar o problema, porque os que somos da zona sabemos que facer uns foxos e pavimentar un tramo de camiño non vai solucionar o problema e que se debería facer unha actuación integral, rebaixando a pendente dos taludes, plantando vexetación para que mantivera as augas, etc.
Sra. alcaldesa: non vai solucionar todo o problema, pero si pensamos que se vai solucionar bastante.

A continuación procedese á **votación** da proposta da Alcaldía , que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) voto a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous votos (2) en contra.
Total: dez (10) votos a favor e dous (2) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO *"MEJORA DEL PAVIMENTO EN EL POLÍGONO DE BERGONDO (CONCELLO DE BERGONDO)".*

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"Este concello ten previsto realizar unhas melloras de pavimentación no polígono industrial, polo que se solicitou a elaboración do correspondente proxecto, e requiriuse ós Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data 13/05/10 e que consta no expediente.
Así mesmo, de acordo coa Orde do 9 de abril de 2010 da Consellería de Economía e Industria, publicada no DOGA núm.72 do 19 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, este concello tramitou a solicitude correspondente co fin de que por ese Organismo nos concedan unha subvención para realiza-la obra nomeada no "Asunto".
En consecuencia co anterior proponse ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro** - Aproba lo proxecto nomeado "**Mellora do pavimento no polígono de Bergondo**", cun importe de 85.597,60 €, e IVE de 13.695,62 €, redactado por don Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños e colexiado co núm. 4657.*
***Segundo** - Declarar que non é necesaria ningunha autorización administrativa para realizar a obra, de acordo co informe do arquitecto técnico municipal, Juan Carlos Gómez Pérez*
***Terceiro** - Comunica-lo presente acordo ós Servizos técnicos municipais co fin de que se proceda a formaliza-la acta de replanteo, requisito previo para a tramitación do expediente da contratación.*
***Cuarto** - Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que estime máis conveniente.
Bergondo, 14 de maio de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

10.- ASUNTOS URXENTES.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle manifesta que por parte do Partido Popular presentan dúas mocións, pero que a primeira delas retírana, porque xa non ten sentido; é una Moción de rexeitamento ó anuncio do goberno polo que se propón a conxelación de pensión, e que suporía romper uns dos logros mais importantes da nosa democracia, como é o Pacto de Toledo; xa foi aprobado no Parlamento con cento sesenta e oito votos en contra e centos sesenta e nove a favor, entón non ten sentido presentala.
Neste sentido gustaríanos saber si dende o concello se van a explicar os efectos que van traer como consecuencia estes recortes que se van a poñer en marcha, e se vai tomar algún tipo de medida.
Sra. alcaldesa: o concello non coñece os funcionarios que hai no termo municipal, ou se as pensións que cobran os pensionistas do concello son, ou non, contributivas, polo que van sufrir revalorización ou van quedar conxeladas. Informaremos, pero seguramente o goberno do Estado se vai a encargar, como xa se está encargando de informar as consecuencias de isto. É unha medida que non gusta, tampouco ó partido socialista en Bergondo, pero foi unha medida rápida e urxente que se tivo que adoptar.
De todos modos se vostede o único que quere é que desde o concello se lle informe ós pensionistas.
Sra. voceira do PP: hai funcionarios neste concello que se verán afectados. ¿cando pensan adaptalo?.
Sra. alcaldesa: iso o regula o propio Decreto, na nómina de xuño. É aplicar o que di o Decreto.
Sra. voceira do PP: ¿váiselles informar ós traballadores dos recortes?
Sra. alcaldesa: informaráselles de cal é a porcentaxe que sae como consecuencia da aplicación do Decreto.

Sra. voceira do PP: a segunda Moción xa se trouxo ó Pleno ordinario anterior, é unha moción presentada polo Partido Popular, Veciños de Bergondo e o Bloque Nacionalista Galego, para a construción dun campo de fútbol; foi debatida no Pleno anterior pero non foi votada porque estamos á espera de que nós informase, por acordo do Pleno, si os terreos dos que dispón o concello no Polígono de Bergondo, daban as medidas para facer alí o campo de fútbol. Pola documentación que tiñamos nós, si daban, pero vostede dicía que non. Xustifica a urxencia na situación lamentable e de risco á que se ven exposto os mozos do noso concello, de xogar en campos de fútbol precarios.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

10.1.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR, BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E VECIÑOS DE BERGONDO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL EN BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación a Sra. voceira do PP, da lectura a moción presentada, que transcrita literalmente di:
"O Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego e Veciños de Bergondo, ó amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación municipal esta Moción, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:
*1.- Da acordo coa Constitución Española, no seu artigo 43.3,"*Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte.."

2.- Concorren na intervención pública no deporte as tres Administracións territoriais, pero son as Entidades Locais os principais xestores polo grado de proximidade ao cidadán. (ref. Consello Superior de Deportes).

3.- Algunhas das competencias das Entidades Locais na materia deportiva son:

.-Reservar nos Plans de Urbanismo chan para a construción de instalacións deportivas.

.- Construír en colaboración con outras administracións as instalacións deportivas locais.

.- Desenrolar programas de promoción deportiva para tódalas idades.

.- Axudar os clubes deportivos ubicados no seu territorio.

4.- A Lei do Deporte 10/1990 de 15 de outubro recolle no seu preámbulo que o deporte é unha actividade libre e voluntaria, espontánea, desinteresada e lúdica e contempla a importante labor social e educativa do deporte: fomenta o traballo en equipo, o esforzo persoal para conseguir un obxectivo, axuda a mellorar a saúde física e mental e é un medio de entretemento e diversión.

Ademáis, dentro das liberdades que garantiza o noso ordenamento xurídico, está a libre elección do deporte a practicar.

En apoio a todas aquelas persoas que queiran practicar dignamente o deporte no noso concello, e, en concreto o fútbol.

<u>EXPOÑEMOS:</u>

Actualmente no Concello de Bergondo hai unha gran demanda social para a práctica do fútbol, temos numerosas peñas e varios equipos federados en diferentes categorías que se ven obrigados a xogar en campos cedidos ou alquilados en concellos limítrofes.

Tanto o campo de Cortiñán como o do Convento son propiedade da Igrexa e, ademais, o de Cortiñán non cumpre as medidas reglamentarias para ser federado. Por outra banda o do Convento encontrase nun estado lamentable, xa que é utilizado tanto para entrenamentos como para competicións, polo que sofre desgaste por un uso continuado. Temos coñecemento de que algúns equipos de fora se negan a xogar no citado campo.

O único campo que ten o noso concello é o campo de fútbol do Xuncal, o cal presenta moitas deficiencias por atoparse nun espazo protexido da rede Natura, onde non é posible realizar ningunha reforma para adaptalo á práctica deportiva.

<u>EN BASE A ESTO, SOLICITAMOS:</u>

1.- A construción inmediata dun campo de fútbol en Bergondo, que reúna tódolos requisitos para a práctica deste deporte. Temos coñecemento de que no Plan Xeral de Urbanismo está contemplada a construción dun complexo deportivo, pero tamén sabemos que é un proxecto a largo prazo en non soluciona os problemas que teñen a diario, e cada temporada os que queren practicas este deporte. A situación é especialmente delicada no caso dos mais pequenos, os cales teñen que xogar en campos en condicións pésimas. Algúns destes rapaces néganse a xogar, co cal o deporte que debería ser diversión e entretenemento convertese nun risco e sacrificio pola pasividade deste equipo de goberno.

2.- Que se realice este campo de fútbol nos terreos que dispón o concello no Polígono de Bergondo, 8000 m2 que darían para a construción do campo así como para dotalo de aparcamento.

3.- Que se habiliten as pistas que hai detrás do concello para entrenamento dos mais pequenos.

4.- Que no que resta de temporada se busque como solución inmediata un campo de fútbol en algún concello limítrofe, subvencionando por parte do concello os desprazamentos en autobús.

5.- Compromiso firme de que o campo de fútbol ten que estar en funcionamento par a próxima tempada 2011-2012.

6.- Creación dunha Comisión de seguimento onde se informen tanto os grupos da oposición como os representantes dos equipos de fútbol da obra a realizar."

Continua a Sra. voceira do PP, e manifesta: en primeiro lugar gustaríame saber si xa se ten feito ese informe que vostede dixo que ía traer a este Pleno, e cal é a situación.
Sra. alcaldesa: encargóuselle ó arquitecto técnico que fixera as medicións correspondentes, quedaron en enviarlle por correo algúns presupostos no día de hoxe e aínda non lle chegaron, o sexa que non está ese informe por pouco. A estimación do custo era de cerca dos cincocentos mil euros.
Sra. voceira do PP: non estamos a falar de custos, estamos falando das medidas dos terreos que hai no Polígono Industrial
Sra. alcaldesa: vostedes pediron que se fixera un informe técnico, ese informe ten que contemplar tamén o custo do proxecto para saber se é viable, ou non. Tamén as características técnicas, por iso tanto o arquitecto como o arquitecto técnico pediron axuda externa para facer ese informe, en canto a medidas, calidades, etc.
Sra. voceira do PP: vostede comprometeuse no Pleno anterior a traer un informe coas medidas dos terreos, é algo tan sinxelo como ir alí e medir. Como fixo o Bloque ou xente que foi alí e viu se os terreos daban ou non. O que creo que aquí non hai vontade, se vostede se compromete a traer un informe, o que non podemos facer é estar molestando á xente, levando unha Moción outra vez, cando vostede comprometerase a ver se os terreos dan os metros ou non.
Sra. alcaldesa: pois adiántolle que seguramente o informe técnico vai ser en contra porque os metros non van dar. De todas formas se nos cinguimos s á presentación da Moción, recórdolle que este concello, en base as competencias locais que vostede están recordando, estanse cumprindo todas. Este concello tiña previsto no Plan Xeral a construción dun campo de fútbol; Plan Xeral que por certo non se aprobou inicialmente fai pouco, senón estaríamos adiantándonos un pouco mais, e ó mellor en dous ou tres anos poderíamos ter un campo de fútbol coas mellores instalacións.
Sra. voceira do PP: agora ten a culpa o Partido Popular.
Sra. alcaldesa: non lle estou botando a culpa a vostede nin ó Partido Popular, en realidade a todos. Repite vostede o que dixo na súa Moción do mes de marzo, e xa lle expliquei que non podía ser, que se busque unha solución inmediata a un campo de fútbol nalgún concello, intentouse e se fixeron escritos; e que se subvencione por parte do concello os desprazamentos en autobús; expliqueille que precisamente as entidades teñen unhas subvencións nominativas e o concello non pode pagar eses desprazamentos.
O que si lle podo dicir que acabamos de presentar unha memoria esta semana, para facer un campo de herba artificial nas pistas de detrás do concello, como vostede tamén suxería no apartado numero tres; unha memoria de, aproximadamente trinta mil euros, para que unha das pistas poida ter un campo de herba artificial para que xoguen os mais pequenos.
Un campo de fútbol na parcela do Polígono, este grupo de goberno non o ve viable.
Sra. voceira do PP: entón empezar por iso.
Sra. alcaldesa: iso xa llo dixen no seu momento
Sra. voceira do PP: pero comprometeuse a traer un informe técnico para saber se eses terreos que ían destinados a un uso dotacional e deportivo, e que cedeu o Sepes, daban os metros para facer ese campo de fútbol. Entón empezar por aí, dicir que o partido socialista non está a favor de construír o campo de fútbol neses terreos, entón non perdemos o tempo e empezamos con alternativas. Nós o que imos votar hoxe é a Moción, independentemente do seu informe.
Tamén quero comentarlle que hai opcións que nos comentou a xente, por exemplo no campo de fútbol de Lubre, onde se fai o campo da festa, hai xa vestiarios, poderíase rehabilitar para facelo alí. Nós comentaban tamén que no antigo campo de fútbol que había en Lubre, cara Obra de Paño, ese terreos foron utilizados no seu tempo para ese fin, agora volveron a mans do seu dono pero que está disposto a negociar para que se leve a cabo alí o campo de fútbol. Tamén imos iniciar conversacións coa Xunta para ver se se pode facer unha cesión do campo de fútbol do albergue de Gandarío e rehabilitalo.

De todos modos creo que a Moción que se presenta hoxe é para que vostede dea explicacións, para que nós informe, e, se non dan os metros buscar solucións como as que traio eu, e traerán os meus compañeiros.

A Sra. voceira suplente de VB, M.ª Loreto Caseira Arroyo, manifesta: nós adherímonos á Moción, a subscribimos no seu día, e hai que buscar unha solución. Non pode vir con escusas, xa pasaron dous meses e quedou en traer ese informe; se cree que o que vai dicir ese informe é que as medidas non dan, pois díganolo, a Moción presentouse con anterioridade como para que vostede nós dera traslado dese informe e sabelo.
Débeselle satisfacer a solicitude que fai este colectivo, e da mesma maneira que lle falaba antes que hai unha serie de colaboracións e de axudas nominativas e convenios con entidades que se dedican a promocionar o deporte e a cultura, non podemos esquecernos destes futuros deportistas que están dedicando moito tempo e esforzándose nas condicións que vostede coñece; polo tanto necesitamos entre todos buscar unha solución; mentres a solución sexa satisfactoria para o colectivo que o solicita, Veciños de Bergondo sempre a vai apoiar.
Non dea mais escusas e propóñanos unha alternativa que sexa viable.
Sra. alcaldesa: non poño escusas, poño feitos enriba da mesa. Acabamos de ler as subvencións nominativas e os dous equipos de fútbol están contemplados nelas, entón, si están recibindo axudas por parte do concello, mais da que terían se concorresen ás subvencións normais. Este concello si os está apoiando, este concello está fomentando o deporte.
Estou de acordo en que hai que buscar outras alternativas, que, por certo, este grupo de goberno tíñaa, nun documento no que estaban plasmados uns terreos perfectamente identificables; non nos boten toda a culpa a nós de non ter unha idea de onde queriamos poñer un campo de fútbol, cando este concello sabía perfectamente onde se tiña que construír. Que hai unha opción en Lubre, en Obra de Paño, seguramente será moito mais rentable e moito mais barato que calquera actuación que se poida realizar no Polígono, onde as medidas son demasiado xustas e non habería aparcamento, non habería sitio para vestiarios, nin para gradas.
Se hai outras alternativas, maña mesmo poñémonos a estudalas.
Sra. voceira suplente de VB: xa que fai referencia a iso, gustaríame que me dixera para cando cree vostede, con esa opción da que me está a falar, estaría ese campo de fútbol; se se está a referir á prevista no PXOM.
Sra. alcaldesa: é que eu recórdolle que fai pouco intentamos aprobar o Plan Xeral e non se fixo; se se houbese aprobado estariamos mais cerca.
Sra. voceira suplente de VB: hai uns días estiven visitando o Concello de Arzúa, que ten arredor de seis mil trescentos habitantes, e ten un campo de fútbol de herba artificial que é a envexa da comarca, ten dúas piscinas, unha cuberta e outra descuberta, ten pista de atletismo, ten dous pavillóns con ximnasio, unha piscina climatizada. Nós estamos onde estamos, creo que Bergondo ten entidade suficiente, non creo que Arzúa tivera un presuposto para facer con recursos propios todas esas instalacións, acudiría a todo tipo de liñas de subvencións, e teño que sospeitar que Bergondo non vai por ese camiño, teño que sospeitar que perdemos subvencións, que perdemos programas, que perdemos convenios, porque dende logo as piscinas descubertas que hai polos arredores son da Deputación, non sei porque en Bergondo levamos dúas lexislaturas, das que leva o seu equipo de goberno que aquí nin visos diso, temos que andar de prestado.
Póñolle de referencia Arzúa porque todo o mundo pode ir alí e velas; non sei porque temos que envexar as instalacións doutros concellos cando poderíamos estar na mesma situación o aínda mellor, entón, pídolle que fagamos un exercicio de responsabilidade, que non nos devolva a pelota a nós, cando vostede ten a obriga de gobernar, insinuando que por culpa dos incidentes relativos ó PXOM non imos ter campo de fútbol.
Sra. alcaldesa: estou completamente de acordo, só unha puntualización, hai outros concellos que tamén envexan as nosas instalacións, cada un prioriza no que considera oportuno. As subvencións de piscinas descubertas son para concellos que non son costeiros, cando se fixo a piscina cuberta en Sada, e algún

concelleiro que estaba antes deste grupo de goberno recordarao, foi porque acollía a poboación do Concello de Bergondo; probablemente se a teñen en Arzúa é porque ningún dos concellos limítrofes a ten.

Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: á portavoz do PP lle sorprende que non se cumprira un compromiso aprobado neste Pleno, a nós xa non nos sorprenden porque son moitos os que non se cumpriron; a única pena é que hoxe deste lado non estamos sete, pro xa lle aviso que cando estemos imos aprobar esta Moción. Eu quero dicirlle, esta Moción que presentamos o PP, Veciños de Bergondo e o Bloque, presentámola porque non está aprobado o Regulamento de Participación Veciñal, que nós propuxemos, porque nese caso poderían falar hoxe, e presentar unha Moción os veciños, os pais, os xogadores e os nenos que están practicando deporte, que son do Partido Socialista, do Partido Popular, do Bloque Nacionalista Galego e que non están pedindo ningún capricho. Eu pídolle que non o tome como algo partidista, político, de que é unha derrota política súa; é escoitar a voz da xente que está practicando deporte e que quere, entre outras cousas, o mellor para os seus fillos, non é ningún capricho.
Vostedes non buscaron solucións, e se me di que o Plan Xeral daba a solución, pois tamén o xestionaron mal, a responsabilidade de que non se aprobar o PXOM foi súa, non lle veña botando a culpa ós demais; non vou entrar nas trampas que pon vostede, porque so se trata de que hoxe non temos maioría para aprobar esta Moción e punto.
O outro día quedouse aquí en que íase facer un informe para ver si daban medidas; as medidas dan e se pode facer, simplemente eu lle pido que escoite a voz dos veciños e que rebaixe esa soberbia que practica, dicindo que eu sei onde está o mellor sitio pa facer o campo de fútbol; a democracia é algo mais que votar cada catro anos; pídolle que reflexione e que atenda esta proposta que de ningunha maneira esta feita con ánimo revanchista, e algo no que coincidimos partidos da oposición de sino político totalmente diferente.
Vostede no anterior Pleno dixo que custaba oitocentos mil euros, a Deputación subvenciona este tipo de campos de fútbol ó noventa e cinco por cento, dando unha medidas mínimas de noventa e catro por cincuenta metros, o sexa que cun presuposto de catrocentos mil euros de execución, lle sairía ó concello por uns vinte mil euros, senón pregunte nos concellos onde se fixo; incluso saíndo mais caro é unha inversión, que comparado con outros gastos que se fan no concello daría moita rendibilidade social ó Concello de Bergondo.
Sra. alcaldesa: só recordarlle que, xamais se consideraría unha derrota política que se fixera un campo de fútbol por parte deste grupo de goberno, e ten bastante graza que falen vostedes de soberbia, e que digan que adoptamos esa aptitude, todo o contrario.

A continuación procedese á **votación** da proposta da Moción presentada polos grupos políticos da oposicion , que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) voto a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous votos (2) a favor.
Total: seis (6) votos a favor e seis (6) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa, declara non aprobada por maioría de votos en contra, co voto de calidade da Alcaldía, a Moción antes transcrita.

11.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á

Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 23 de marzo ata o 21 de maio de 2010, numerados do 165/2010 ó 321/2010. O Pleno queda enterado.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo municipal do Partido Popular presentou os seus Rogos e Preguntas o día 26 de maio, co núm. do rexistro de entrada: 3464. A Sra. voceira do dito grupo, Silvia M.ª Vàzquez Cardelle, pasa seguidamente a formulalos; son as seguintes:

PREGUNTAS:
1.-.Situación de las negociaciones con fomento por la siniestralidad de la N-VI.
Sra. alcaldesa: esa xa non é unha cuestión de negociación, o proxecta está aprobado e ten que seguir a súa tramitación. Foi aprobado no Parlamento en outubro de 2009, e é unha obra que se ten que facer por parte do Estado.
Sra. voceira: ¿estase a facer algún seguimento?.
Sra. alcaldesa: si se está a facer, incluso a nivel de Partido fíxose fai pouco.

2.- Cuando se tiene previsto la limpeza de playas. puesta en funcionamiento de las duchas. colocación de baños portátiles en O Regueiro e O Pedrido. Limpieza del terreno que se habilita para aparcamiento en Gandarío.
Sra. alcaldesa: a tempada de praias non comeza case nunca ata o quince de xuño, que é canto temos todo en funcionamento, se teñen contratados socorristas e o equipo de limpeza de praias; á día de hoxe aínda non se nos comunicou esas subvencións, que como sabe vostede son a través de Plans de Cooperación. Para a vindeira semana terán a resolución ós Programas, co cal ó quince de xuño. Nas duchas xa se empezou a dar auga, co risco que iso ten, porque non hai ninguén para controlalo.
Tragsa estivo limpando xa a praia, e ó día de hoxe presenta un estado moi bo.
Sra. voceira: pois no Pedrido parece que temos un campo de fútbol.
Sra. alcaldesa: ese é un problema distinto e probablemente non se poida evitar esa herba; o ano pasado avisóusenos de esas herbas asentaban a duna.
Sra. alcaldesa: pero poderanse cortar.
Sra. alcaldesa: son dunas e un tipo de plantas protexidas; nós imos pedir o permiso para iso, pero o ano pasado remitíronos un escrito comunicándonos que cometeramos unha ilegalidade.
Sra. voceira: ¿e respecto dos baños?.
Sra. alcaldesa: os do Pedrido son os fixos e vanse poder utilizar como sempre.
Sra. voceira: pero están precintados.
Sra. alcaldesa: pero Costas non os van retirar ata o mes de outubro, polo que van retirar o precinto e se poidan utilizar durante o verano.
Respecto da limpeza do aparcamento que se utiliza no verano, será nestes días.

3.- Casetas de los vigilantes (consorcio) son para cambiarse los socorristas pero no valen para atender camillas. Solución.
Sra. alcaldesa: non son esas as que van quedar, a semana que ven virá outra mais grande, tanto para a praia de Gandarío como para a do Pedrido. Neste Plan de dinamización turística había varias anualidades, o Concello de Bergondo optou por unha o ano pasado, e nesta que estamos agora van unhas casetas que son moito mais grandes e que son as que se van a ubicar definitivamente.

Sra. voceira: é dicir, retiraríanse as actuais e quedarían as outras.
Sra. alcaldesa: si.

4.- Zodiac ¿con cargo a que partida la va a comprar? ¿como va a realizar el salvamento de las playas sin Zodiac?.
Sra. alcaldesa: aínda estamos en negociacións; de todos modos hai unha partida de elementos de transportes.
Sra. voceira: ¿tiñan contemplada esa compra cando fixeron o Orzamento?
Sra. alcaldesa: si, a posibilidade de ter que comprar unha Zodiac nova, si.

5.- RPT y Convenio Colectivo. Situación. ¿que nos pode dicir do recurso contencioso-administrativo que se interpuxo pola CIGA, e que vimos na prensa?
Sra. alcaldesa: con respecto á RPT segue a súa tramitación, presentaronse as alegacións correspondentes por parte dos traballadores e se remitiron á empresa encargada.
Con respecto ó Convenio, estamos pendentes duns pequenos *flecos* para a firma; estará en quince días aproximadamente.
Con respecto ó recurso, a CIGA presentou un recurso no mes de xaneiro, porque fixo unha alegación ó Orzamento, que se podería considerar fóra de prazo; de algo que non é alegable, xa que non é de ningún dos puntos alegables ó Orzamento municipal, e o que fixo o concello foi presentarse no contencioso.

6.- GRUMIR ¿Cual es el motivo por el cual sólo se ha pedido dos plazas pudiendo reforzar el servicio de voluntariado.
Sra. alcaldesa: ó día de hoxe non está nada concedido, estes son Plans de Cooperación e dentro deses Plans se piden varios programas, como son socorristas, limpeza de praias, equipo de emerxencias; nós non temos Grumir, está en Betanzos; o que temos é un servizo de emerxencias municipal e se solicitaron dúas persoas ¿porque non solicitamos mais?, porque solicitamos o resto de programas; ó final as cantidades son as que son, se solicitaramos mais neste programa se reduciría doutro, como podería ser limpeza de praias, axuda ó servizo de axuda no fogar, técnico de medio ambiente, incluso socorristas; entón é cuestión de ir compensando.

7.- Cual es el motivo por el cual la plaza de auxiliar de policía de verano va con cargo al concello? ¿Se ha pedido a la Xunta?.
Sra. alcaldesa: pediuse como todos os anos, e sempre se nos concedeu, polo que non hai ningún motivo polo que non se nos vaia a conceder este ano, pero é certo que ó día de hoxe aínda non veu a concesión, igual que ó resto dos concellos. A subvención é arredor de mil cincocentos euros, se lle da a todos os concellos que a piden e teñen presentada a Conta Xeral; como esa cantidade non é suficiente para cubrir esa contratación durante os catro meses, ten que ir a parte que corresponda con cargo ós orzamentos municipais.

8.-Encontro dos Maiores. Parece ser que se vai facer alí a homenaxe a *Pepín;* parécenos que para as persoas que queiran acudir á homenaxe pero que non poidan ir a esa comida pola idade, ¿estase a facer algunha campaña informativa para que poidan acudir esa xente?.
Sra. alcaldesa: o acto é libre, se están a facer notas de prensa invitando a todo o mundo a que acuda ó acto de descubrimento do busto, que é o que se vai facer basicamente. Como coincide co Encontro dos Maiores, os que poidan ir pola idade, poderán quedarse despois de recoller as súas invitacións aquí no concello.

9.- Festividad de Santa Rita. ¿Cual es el motivo por el que lo ha suspendido unilateralmente?. Calquera tipo de acto, xa non só a comida senón a misa que se facía todos os anos.
Sra. alcaldesa: a misa ía moi pouca xente ultimamente, e o feito de que coincidise en sábado e que houbese tamén outra actividade importante como a Feira do Polígono, e tamén a situación económica actual, decidiuse suspender ese acto. En todo caso o ano que ven, considerarase se se quere facer a misa, e se os empregados municipais están de acordo volverase a facer. O tema da comida, ó día de hoxe, é unha forma de aforro.
Sra. voceira: en moitos concellos fíxose unha misa e uns petiscos., igual que o fixeron na Feira dos empresarios no Polígono, tamén se podería facer para os traballadores; de feito o Rexistro do concello non estaba a funcionar, estaba paralizada a actividade no concello.
Sra. alcaldesa: porque era festivo.
Sra. voceira: pero unilateralmente, sen contar coa oposición, que non ían facer ningún tipo de acto, a verdade non parece lóxico.
Sra. alcaldesa: unilateralmente fanse algunha cousas.
Sra. voceira: pero é cargarse unha celebración que viña de anos , porque si.

10.- ¿Piensa hacer recortes en el Festival Folk?. Ímonos gastar cento vinte mil euros, pensa cancelalo, xa que o noso grupo pensa que é para un grupo moi reducido de xente.
Sra. alcaldesa: non considero que sexa un gasto innecesario, é unha promoción cultural.
nunca se gastaron eses cartos, nunca pasou de sesenta mil euros.
Sra. voceira: nós temos sumado facturas de ata cento vinte mil euros.
Sra. alcaldesa: non, están equivocados; pidan por Rexistro a relación de facturas e ningún ano, custou mais de sesenta e cinco mil euros; xamais cento vinte mil euros.
Sra. voceira: pois sesenta mil euros, parécelle normal que para un día de celebración se gasten eses cartos.
Sra. alcaldesa: xa cando se fixo o orzamento deste ano recortouse; estamos recortando en todas as actividades e, por suposto no Festival.
Sra. voceira: pero vai facer o Ferstival.
Sra. alcaldesa: si, xa se está organizando.

ROGOS:
1.- *Limpieza de cunetas, carreteras principales y secundarias. No esperar a las fiestas patronales para realizar las limpiezas.*

2.- Colocación de un banco en Bergondiño.

3.- Espejo de San Paio
Sra. alcaldesa: xa está posto.

4.- Senda peatonal Fiobre-Pedrido.
Sra. alcaldesa: xa se empezou a facer algún contacto con respecto a es senda, e hai posibilidades.

5.- Limpieza del parque de Fiobre.
Sra. alcaldesa: limpouse esta semana.

6.- Limpieza de la carretera antigua de bajada Fiobre-Centro de Minusválidos.

Sra. alcaldesa: esa está pendente.

7.- Punto de luz en Cortes. Parece ser que xa viñeron a pedilo.
Sra. alcaldesa: ¿que número?
Sra. voceira: é no centro de Cortes.

8.- Carretera de Armuño, sigue en la misma situación.
Sra. alcaldesa: non segue na mesma situación, a obra está practicamente rematada.
Sra. voceira: seguen alí as vallas postas.
Sra. alcaldesa: esta semana xa non están.

9.- Socavón al lado de la plaza pública de Guísamo.
Sra. alcaldesa: xa están avisados os servizos de Aquagest.

10.- Lubre: caminos que abrieron para colocar tubos y la empresa encargada debía reparar el firme, no se llevó a cabo.
Sra. alcaldesa: aínda o fixeron a semana pasada e a semana que ven e cando se vai facer, sempre deixan un tempo.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou as súas Preguntas o día 27 de maio, co núm. do rexistro de entrada: 3481 A Sra. voceira suplente do dito grupo, M.ª Loreto Caseiras Arroyo, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

1ª.- Na Parroquia de Cortiñán, detrás da Igrexa, estanse levando a cabo obras de instalación do saneamento que parecen estar abandonadas, xa que non se observa ningunha actividade, tan solo cando se abre algún boquete para un operario a enchelo ata o seguinte. ¿Cal é o estado desta obra? ¿Para cando está prevista a súa finalización?.
Sra. alcaldesa: non está rematada e está previsto o asfaltado para a semana que ven.
Sra. voceira suplente: o sexa que a semana que ven estará rematada a obra.
Sra. alcaldesa: si, esa é a previsión.

2ª.- Nesta mesma Parroquia de Cortiñán, na estrada que pasa polo Outeiro e vai a entrocar coa N-VI a altura da nave "A virxe da Barca" existe un punto onde a xente abandona o lixo, como é o caso dun sofá e outros elementos. Se isto se permite vaise converter nun vertedoiro. ¿Pódese enviar ó equipo do punto limpo a retirar estes elementos?.
Sra. alcaldesa: é unha zona que se limpa habitualmente, pero se avisará ó Consorcio; de todos modos é un lugar habitual, e se limpa, pero se alguén ve algo que chame a policía local.

3.- Hai dous anos, cando solicitamos a reparación e a nova instalación de elementos nas zonas de praias contestóusenos no mes de xullo que xa era tarde e, por iso, solicitamos agora que, tanto na zona verde do Pedrido como na entrada do Regueiro se arranxen as duchas colocándolles un elemento de madeira que impida o constante encharcamento de auga, e, alomenos, uns lavapés na saída do areal do Regueiro.
Sra. alcaldesa: esa é unha boa opción para O Pedrido, pero unha ducha no Regueiro non se pode poñer, e un lavapés tampouco porque non hai a conexión de auga, e lle podo dicir que respecto ó Plan de Dinamización

Turística e ás duchas que se estiveron poñendo novas, e os lavapés, na praia de Gandarío, as recomendacións e as liñas xerais son de que a partir de agora ir quitando todo ese tipo de mobiliario das praias, incluso as papeleiras, para facer unha praia mais natural. A praia de Gandarío é mais urbana e quedará así, pero na praia do Regueiro, non o poñerán polas recomendacións que lle acaba de dicir.

4.- Voulle facer unha ultima pregunta aínda que non está no escrito presentado. Observamos nos decretos, gastos de teléfono móbil do concello de mil cen euros mensuais, ou incluso mais, ó mes; e o mesmo que se gasta en teléfono fixo ¿canto teléfonos móbiles hai e quen os ten? ¿non se pode revisar iso?, son moitos cartos.
Sra. alcaldesa: dentro desas facturas están as dúas liñas da centraliña do concello; agora mesmo non lle podo dicir o número exacto dos móbiles que hai no concello, pero téñennos os encargados de obras, os policías locais, protección civil, os socorristas, a traballadora social.
Sra. voceira suplente: ¿poden ser vinte terminais?
Sra. alcaldesa: si, podería haber vinte
Sra. voceira suplente: son mil euros de gasto, o mesmo que a centraliña.
Sra. alcaldesa: pero precisamente moitos desas chamadas son a través da centraliña, e incluso as chamadas entres os móbiles do concello son gratuítas.
Sra. voceira suplente: eu lle propoño que se revise.
Sra. alcaldesa: pódolle dicir que as facturas se observan e cando se ve un consumo desmesurado se avisa a persoa que leva ese tema..

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Preguntas o día 26 de maio, co núm. do rexistro de entrada: 3462. O Sr. voceiro do dito grupo, Manuel Parga Fernández, pasa seguidamente a formulalos; son as seguintes:

PREGUNTAS:
1) Estado do Regulamento de Participación Veciñal.
Sra. alcaldesa: saben vostede que levamos unha temporada coa secretaria accidental, pero no momento en que se reincorpore a titular, é un dos documento que ten prioridade .
Sr. voceiro: creo recordar que foi no pleno ordinario de novembro cando houbo o compromiso por parte da Alcaldía.
Sra. alcaldesa: foi a partir desa data cando xurdiu esa situación.

2) ¿Qué pasos vai dar o goberno local no referente á aprobación do PXOM?.
Sra. alcaldesa: como é lóxico convocarase proximamente a Comisión Informativa do PXOM, co equipo redactor, unha vez que teñan, mais ou menos, estudada a modificación da LOUGa para ver en que afecta ó documento actual, e a posible adaptación ó POL.
Sr. voceiro: nós queremos manifestar que estamos disposto a restablecer as conversas iniciadas o día trece de abril, sempre que non se exclúa a ninguén e que haxa información para todos.
Sra. alcaldesa: na Comisión Informativa estamos todos.
Sr. voceiro: non falo só das modificacións ás que obriga a LOUGa, senón das xerais; que cada grupo presente as súas propostas de modificación do Plan, en xeral.
Sra. alcaldesa: que non son as mesmas,e non coinciden en moitos puntos; terán que negociarse.

Sr. voceiro: estamos falando dunha negociación.

3) Alegacións presentadas polo Concello de Bergondo ao POL.
Sra. alcaldesa: enviouse un informe técnico redactado polo arquitecto municipal, que se vostedes queren velo non teñen mais que pedilo. Adiántolles que esta semana nos reunimos co director xeral de sostebilidade, e aínda que xa rematou o prazo de alegacións ou suxerencias, se lle poden facer tamén durante este tempo, quero dicir que foron moi receptivos ó feito de traballar conxuntamente para facer o PXOM, porque esta claro que imos ter que adaptalo o POL, senón imos ter un documento que non sería válido.
Sr. voceiro: nós queremos coñecer esas alegacións e estar presentes nesa reunión, que se invite a todos os grupos do concello.
Sra. alcaldesa: a reunión é no despacho do director en Santiago, pero na próxima Comisión Informativa darase conta.

4) EDAR de Gandarío.
Sra. alcaldesa: como xa dixemos varias veces no Pleno, íase volver a redactar o proxecto por parte dos responsables de Augas de Galicia e así se nos dixo que se ía encargar; estiveron esta semana aquí para ver o terreo e valoralo.
Sr. voceiro: e que levamos catro ou cinco anos con ese tema, e aínda está o proxecto sen redactar.
Sra. alcaldesa: estivo redactado sábeno vostedes, pero esa inseguridade xurídica que había no tema das expropiacións non nos permitía poñer os terreos a disposición d Xunta, como era a obriga do concello.

ROGOS:
1) Se arranxe o camiño de Santa Marta, por onde atravesan os coches do Polígono cara á conexión coa AP9.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vintedúas horas e vinte minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez